

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1/08/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Aprobación, se procede, de certificacións de Obras.-
- 4º.- Adjudicación Definitiva Obra " Mellora Servizos Pedras Pías".-
- 5º.- Expediente Contratación Obra Mellora instalacións Campo de Fútbol. -
- 6º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **21:00** horas do día **1/08/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 18 de Xullo de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-Vista a Comunicación Previa presentada por parte de EVA CANOSA LADO, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1877 de 18/07/2019) para proceder ao pintado en tonos claros dunha vivenda Referencia Catastral

8104814MH7580S0001KD mediante a ocupación de vía pública nunha superficie de Sete metros (7).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Xullo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

LICENZAS URBANISTICAS

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 10 de Xullo de 2019 , a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social en Avda Arteixo 171 A Coruña (CP 15008) para proceder á instalación subterránea do subministro de Rede de Baixa Tensión (RBT) cunha canalización proxectada de 43 metros con destino a unha vivenda unifamiliar a emprazar nas Parcelas 492, 493, 494 e 495 do Polígono 2 da Concentración Parcelaria de San Vincenzo e San Martiño de Duio sita na localidade de Ermedesuxo de Abaixo no Termo Municipal de Fisterra; debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pedro Tizón Barro de data 22/05/2019 que consta no expediente toda vez que a actuación pretendida non require Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ó tratarse dunha actuación de conservación que non afecta aos valores culturais ou aos elementos especificamente protexidos.

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico desta Corporación de data 23 de Xullo de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez visado o día 8 de Xullo de 2019 resultante da Licenza urbanística concedida por esta Xunta na sesión do día 27 de Maio de 2019 en favor dos promotores ALFONSO MARTINEZ VELAY e JOSEFA PEREZ MARTINEZ, veciños de Fisterra, para proceder á Rehabilitación dunha Vivenda Unifamiliar a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral (8604712MH7580S0001WD), debendo axustarse ás condicións determinadas na Resolución Favorable dictada polo Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 29 de Abril de 2019 así como a todas as demais reseñadas na licenza.-

2) Notificar este acordo aos promotores para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

3º.- Aprobación, se procede, de certificacións de Obras.-

A) Unha vez examinada, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda prestar a súa aprobación á Certificación Única da Obra denominada "Mellora de Servizos e Pavimentación en Ermedesuxo de Arriba, Castro e Sixto" incluída no Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos da Excmá Diputación Provincial (POS + 2018) polo importe de Oitenta mil catrocentos catro euros con cincuenta céntimos (80.404,50 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido debidamente asinada polo Contratista Adxudicatario, Búa Construcciones y Servicios S.L. e o Director de Obra, Alfonso Botana Castelo, Arquitecto do Departamento de Urbanismo desta Corporación.--

B) A) Unha vez examinada, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda prestar a súa aprobación á Certificación Única da Obra denominada "Mellora de Servizos e Pavimentación en Ermedesuxo de Arriba, Denle e Vispo" incluída no Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos da Excmá Diputación Provincial (POS + Adicional 1/2018) polo importe de Trinta e nove mil catrocentos cincuenta euros (39.450,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido debidamente asinada polo Contratista Adxudicatario, Búa Construcciones y Servicios S.L. e o Director de Obra, Alfonso Botana Castelo, Arquitecto do Departamento de Urbanismo desta Corporación.--

4º.- Adxudicación Definitiva Obra "Mellora Servizos Pedras Pías".-

A) Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada "Mellora de Servizos na Rúa Pedras Pías de Fisterra" cun presuposto de execución nun importe de Noventa e oito mil seiscientos setenta e seis euros con seis céntimos (98.676,06 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS + 2019.-

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 24 de Xullo de 2019 en favor da Empresa con mellor oferta, Búa Construcciones y Servicios S.L.,

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbria, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Setenta e oito mil trescentos corenta e sete euros con once céntimos (78.347,11 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Dezaseis mil catrocentos cincuenta e dous euros con oitenta e nove céntimos (16.452,89 €) que supón unha baixa de Tres mil oitocentos setenta e seis euros con seis céntimos (3.876,06 €) en relación co tipo de licitación.-

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.-

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados publicándose na plataforma de contratación do Estado .

3º.- Designar como Técnico Director da Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

5º.- Expediente Contratación Obra Mellora instalacións Campo de Fútbol.-

Examinado o expediente tramitado mediante Contrato Menor para proceder a execución da Obra denominada Mellora das Instalacións do Campo de Fútbol Municipal "Ara-Solis" cun presuposto de execución de Nove mil cento noventa e tres euros con corenta e sete céntimos (9.193,47 €) incluído o Imposto sobre o valor Engadido e unha vez procedido a apertura dos Sobres A e B presentados polo licitadores e á vista das Ofertas presentadas, resulta o seguinte:

DENOMINACION	OFERTA ECONOMICA	BAIXA
Construcciones O Rostro S.L.	9.185,11 €	8,36 €
Construcciones Hnos Meijide S.C.	8.954,00 €	239,47 €

Queda rechazada á proposición formulada pola Empresa de JESÚS CASTREGE DURÁN, por non presentar oferta económica.-

Seguidamente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente dita Obra mediante Contrato Menor a favor da Empresa Capacitada Construcciones Hermanos Meijide S.C. con CIF J15834716 e domicilio social na rúa do Prado, 4 de Fisterra (Código Postal 15155) nun importe total de Sete mil catrocentos euros (7.400,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Mil cincocentos cincuenta e catro euros (1.554,00 €) que supón unha baixa de Douscentos trinta e nove euros con corenta e sete céntimos (239,47 €) en relación co tipo de licitación; todo elo de conformidade co disposto nos Artigos 29 e 118 da Lei 9/2017 de 8 de Novembro de Contratos do Sector Público.-

2.- Notificar dito acordo ó Adxudicatario para o seu coñecemento e demais efectos.-

3º.- Designar como Director de Obra, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que ven prestando os servizos de Arquitecto dentro do Departamenro de Urbanismo destas Corporación.-

3.- Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

6º.- Asuntos varios.-

AXUDAS ECONOMICAS

-A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder á ASOCIACION DE VECIÑOS VIRXEN DO CARMEN DE SARDIÑEIRO, con CIF 15894973 e domicilio social na Rúa Pedra dos Corvos Mariños, 4 de Sardiñeiro de Abaixo do Termo Municipal de Fisterra, unha axuda económica para financiar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da celebración das Festas na honra da Nosa Sra do Carmen durante os días 9 e 10 de Agosto de 2019 nesa localidade.-

Deberá presentar antes do 31 de Decembro de 2019 Memoria Xustificativa dos gastos efectuados.-

-A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder ó Colegio Nuestra Señora del Carmen, con domicilio social na rúa Virxe das Areas, 14 desta Vila, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da posta en marcha dun Proxecto de inmersión lingüística coa realización dunha viaxe a Londres con 15 alumnos dese Colexio mediante Curso dunha semana de duración na que convivirán con familias inglesas .-

OBRAS

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Aprobar o Presuposto presentado por parte de BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. con CIF B70355615 coa finalidade de levar a cabo ás Obras denominadas "Ampliación do Tramo de Pluviais + Pavimento na localidade de Denle " por un importe de Seis mil cento trinta e seis euros (6.136,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Mil douscentos oitenta e oito euros con cincuenta e seis céntimos (1.288,56 €) con cargo o Presuposto Ordinario de 2019, debendo notificarse dito acordo á citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-

ACTIVIDADES CLASIFICADAS LICENZA DE INSTALACIÓN

Visto o escrito presentado co número 228 (RE) de 25/01/2019 por **María Esther Insua Insua**, de COMUNICACION PREVIA de inicio de obras de acondicionamento de local para realizar a actividade de bar.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe de data 24/07/2019 emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Acceder ao solicitado pola interesada e declarar completa a documentación presentada na comunicación previa para realizar as obras de acondicionamento de local para realizar a actividade de bar**

2º) **Unha vez rematadas as obras presentarase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.**

3º) **O Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica, no artigo 11 establece que, as persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións, deberán dispoñer con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12,**

elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que incluirá:

- a) Aillamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.
- b) Aillamento acústico de fachada.
- c) Nivel de ruído de impactos

Non será obrigatoria a achega do informe previsto no apartado anterior, no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio do solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo das laboiea de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.

En base ao dito con anterioridade presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade ou a presentación dunha declaración do titular da actividade que a actividade producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB.

4º) Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades:

- **Vinteun euros e doce céntimos** (21,12 €) en base á aplicación do 0,3 % en concepto de taxa por servizos urbanísticos sobre o orzamento de obras, previsto na Ordenanza fiscal reguladora.

- **Cento cincuenta e catro euros e oitenta e nove céntimos** (154,89 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalación e Obras en base á aplicación do 2,2% previsto na Ordenanza fiscal reguladora.

5º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

Por non ter máis asuntos dos que tratar levántase a sesión polo Alcalde-presidente, ás **21:30 horas**, do día en curso de todo o que eu como secretario , dou fe.